

## A AELG solicita a reposición no seu lugar orixinal do monólito dedicado a Antón Avilés de Taramancos en Monforte de Lemos

A Asociación denunciou que leva varios meses tirado nunha leira que é propiedade do Concello de Monforte, próxima ás instalacións do punto limpo.

[Alba Regueiro](#)

23 de abril de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/politica/aelg-solicita-reposicion-seu-lugar-orixinal-do-monolito-dedicado-anton-aviles-taramancos-monforte-lemos/20260423142230254379.html>

Desde a **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega** (AELG) amosaron a súa “profunda preocupación” pola situación do monólito dedicado ao escritor [Antón Avilés de Taramancos](#) en **Monforte de Lemos** (Terra de Lemos), inaugurado en 2003, con motivo da celebración do **Día das Letras Galegas** nese ano.

Segundo informacións divulgadas publicamente, leva varios meses tirado nunha leira que é propiedade do Concello de **Monforte**, próxima ás instalacións do punto limpo, onde foi trasladado desde a rúa a que dá nome o autor, por parte dunha empresa que realizou arranxos recentemente nas beirarrúas.

Neste senso, tendo en conta a “**enorme relevancia intelectual, poética e persoal**” de Antón Avilés de Taramancos, quen ademais foi presidente da AELG entre 1986 e 1988, a asociación solicitou que sexa repostado “**urxentemente**” este monólito no seu emprazamento orixinal, “**restituíndo así a súa xusta memoria e valoración como autor fundamental da nosa literatura**”.